



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 03 DE OUTUBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día tres de outubro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. Montserrat Magallanes Alvarez
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (ACTA DE 05.09.2017).

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 5 de setembro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- EXPEDIENTE 104/2017.- PLAN CONCELLOS 2016

PROPOSTA ALCALDIA

PLAN CONCELLOS 2016, LIÑA 1 INVESTIMENTOS
OBRA/SERVIZO: EQUIPAMENTO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Con data 2 de marzo de 2016 o Concello de A Guarda solicitou unha subvención ó abeiro do Plan Concellos 2016 para o proxecto “EQUIPAMENTO DEPORTIVO SOLANAS”.

Con data 18 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra aprobou a concesión da subvención solicitada polo importe de 22.685,77 euros. (Exp.: 2016017657).

Con data 14 de marzo de 2017 solicitamos cambio de finalidade do proxecto “Equipamento deportivo Solanas” por “Equipamento deportivo Codesal” (importe 1.899,18€) e “Valla de Hocket-linea” (importe 20.786,59€).

Con data 26 de abril de 2017 Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra autorizo o cambio de aplicación solicitada.

Por causas externas o Concello o proxecto de “Valla de Hocket-linea” non se pode executar.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



Concello A Guarda

- Aprobar o cambio de finalidade do proxecto “Valla de Hocket-Línea” por o novo proxecto “Equipamento Instalacións Deportivas” (Orzamento 20.786,59€ IVE engadido).
- Solicitar o cambio de finalidade do proxecto a Deputación de Pontevedra.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 3.- EXPTE 167/2017.- PLAN CONCELLOS 2017 LIÑA 2 VÍAS E OBRAS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

PLAN CONCELLOS 2017, Liña 1. INVESTIMENTOS

OBARA/SERVIZO: SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE TRAFICO E MOBILIDADE

Con data 28 de marzo de 2017 (Decreto Alcaldía 2017-0269) solicitamos subvención dentro do Plan Concellos 2017 LIÑA 2 para a o proxecto “Sinalización horizontal de tráfico e mobilidade”.

Tras a presentación da solicitude de subvención e despois de ser revisada a mesma polos servizos técnicos da Deputación indican que este proxecto ten que ser solicitado dentro da LIÑA 1.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

-Aprobar o cambio de liña para o proxecto de “Sinalización horizontal de tráfico e mobilidade” de LIÑA 2 a LIÑA 1.

-Aprobar a nova memoria descritiva denominada de “Sinalización horizontal de tráfico e mobilidade” redactado conforme as normas da LIÑA 1 do Plan Concellos 2017.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou trasncrita.

PUNTO 4.- EXPTE 1103/2017.- PROCEDIMENTOS ORDINARIOS SOBRE O RECOÑECIMENTO DOS GES

Vista a sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo o 11 de setembro de 2017 nos autos nº 865/2016 entablados por D. Sais Leirós Ríos sobre recoñecemento de dereitos e reclamacion de cantidades formúlase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Que se de por decatada do contido da sentenza que se comunica de data 11 de setembro de 2017 decidindo non establecer recurso de suplicación, así mesmo que se de traslado ao órgano competente para que ordene o cumprimento das pretensións estimadas, isto é, que se recoñeza o dereito do demandante a que o cómputo da súa xornada durante o período de 15-6 a 15-9 sexa equivalente no número de horas de prestación de servizos dun traballador equiparable con redución dunha hora diaria conforme ao artigo 21,5 do Convenio colectivo aplicable, sendo compensada como hora extraordinaria en caso de exceso, así como se lle recoñeza o trienio devengado en agosto de 2016, coas consecuencias económicas correspondentes, isto é, o seu pago a partir da data da sentenza. Con todo, a Xunta acordará o que estime oportuno.



Concello A Guarda

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda:

- dar traslado á Alcaldía da mesma recomendando non entablar recurso de suplicación.
- dar traslado á Alcaldía da mesma recomendando que ordee o cumprimento das pretensións estimadas

PUNTO 5.- EXPTE. 1767/2017.- ACORDO DE INICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS

Visto o informe emitido o 4 de xullo de 2017 polo Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensions no expediente 2600/2016 tramitado a raíz da reclamación formulada polo Concello da Guarda solicitando o pago á Aseguradora Generali o importe da cantidade da que foi obxecto de condena o Concello na sentenda ditada o 5 de decembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 e Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 304/2012 entablado pola Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Álvarez contra desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 19 de outubro de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra e confirmada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,

formúlase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Que se de por enterada do contido do informe citado do 4 de xullo de 2017, dando traslado ao órgano competente para que acorde establecer a correspondente demanda civil contra a Compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA. SA. DE SEGUROS E REASEGUROS reclamando o pago das cantidades de 90.786,4 €, e 43.547,14 € en concepto de intereses legais desa suma que foron pagados á Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Alvarez Alvarez como consecuencia da indemnización a que foi condenado o Concello da Guarda por responsabilidade patrimonial, máis os intereses derivados daquelas dúas cantidades designado ao Letrados D. Carlos Potel Alvarellos e D. Carlos Potel Lesquereux, así como aos Procuradores correspondentes ao partido xudicial onde se presente a citada demanda. Con todo, a Xunta de Goberno acordará o que estime oportuno.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do informe e acorda:

dar traslado deste informe á Alcaldía para que acorde, se o estima oportuno, establecer a correspondente demanda civil contra a Compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA. SA. DE SEGUROS E REASEGUROS reclamando o pago das cantidades de 90.786,04 €, e 43.547,14 € en concepto de intereses legais desa suma que foron pagados á Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Alvarez Alvarez como consecuencia da indemnización a que foi condenado o Concello da Guarda por responsabilidade patrimonial, máis os intereses derivados daquelas dúas cantidades designando ao Letrados D. Carlos Potel Alvarellos e D. Carlos Potel Lesquereux, así como aos Procuradores correspondentes ao partido xudicial onde se presente a citada demanda.



Concello A Guarda

PUNTO 6.- EXPTE. 1819/2017.- ACORDO DE INICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS

Visto o informe emitido o 30 de agosto de 2017 polo Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensions no expediente 4183/2016 tramitado a raíz da reclamación formulada polo Concello da Guarda solicitando o pago á Aseguradora Generali o importe de 80.823,18 máis os intereses legais de dita cantidade que foi obxecto de recoñecemento polo Concello da Guarda mediante decreto de 16.01.2015 en concepto de responsabilidade patrimonial a favor de D. Domingo Cividanes Franco froito da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 21 de maio de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,

formúlase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Que se de por enterada do contido do informe citado do 30 de agosto de 2017, dando traslado ao órgano competente para que acorde establecer a correspondente demanda civil contra a Compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA. SA. DE SEGUROS E REASEGUROS reclamando o pago da cantidade de 80.823,18 €, máis os intereses legais desa suma que teñen que ser pagados a D. Domingo Cividanes Franco como consecuencia da indemnización que o Concello da Guarda recoñeceu por responsabilidade patrimonial ao citado señor, máis os intereses derivados daquelas dúas cantidades designado ao Letrado D. Carlos Potel Alvarelos, así como aos Procuradores correspondentes ao partido xudicial onde se presente a citada demanda. Con todo, a Xunta de Goberno acordará o que estime oportuno.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do informe e acorda:

dar traslado deste informe á Alcaldía para que acorde, se o estima oportuno, establecer a correspondente demanda civil contra a Compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA. SA. DE SEGUROS E REASEGUROS reclamando o pago da cantidade de 80.823,18 €, máis os intereses legais desa suma que teñen que ser pagados a D. Domingo Cividanes Franco como consecuencia da indemnización que o Concello da Guarda recoñeceu por responsabilidade patrimonial ao citado señor, máis os intereses derivados daquelas dúas cantidades designado ao Letrado D. Carlos Potel Alvarelos, así como aos Procuradores correspondentes ao partido xudicial onde se presente a citada demanda

PUNTO 7.- EXPEDIENTE 2014/2017.- CONTROL DE RECURSO XUDICIAL

Vista a sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo o día 12 de setembro de 2017 nos autos nº 370/2017 entablados por D. Fabian González Álvarez sobre recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades formúlase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Darse por enterada do contido da sentenza que se comunica de data 12 de setembro de 2017

Dar traslado á Alcaldía para que decida, se o estima convinte, non establecer recurso de suplicación así como ordenar o cumprimento das pretensións estimadas, isto é, que se recoñeza o dereito do demandante a que se lle recoñeza un primeiro trienio con efectos de agosto de 2016 e ao pago do mesmo en diante máis os atrasos dun ano por importe de 253,12€, así como procédase ao pago dos gastos por desprazamento A Estrada por



Concello A Guarda

realización de dous cursos por importes de 266 € e 159,6 €, respectivamente . Con todo, a Xunta acordará o que estime oportuno.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e, pola unanimidade dos seus membros, acorda

Dar traslado á Alcaldía para que acorde, se o estima oportuno, non establecer recurso de suplicación así como ordenar o cumprimento das pretensións estimadas.

PUNTO 8.- EXPTE. 141/2017.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 09/08/2017 da Xunta de Galicia aparece JOSEFINA NATIVIDAD ALONSO NÚÑEZ en lista de agarda con un grado II e 58 puntos, correspondéndolle 45 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle ás 45 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a Josefina Natividad Alonso Núñez con 45 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



Concello A Guarda

PUNTO 9.- EXPTE. 1539/2017.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 19 xullo del 2017, Dna. Emilio Vicente Pérez Lorenzo presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Emilio Vicente Pérez Lorenzo para a prestación do servizo de axuda no fogar con cargo a libre concurrencia.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 10.- EXPTE. 1731/2017.- BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

PROPOSTA DE RETIRADA DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente da solicitude de bonificación de auga por condición de familia numerosa e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 21 de agosto do 2017, D. ANXO FERREIRA ÁLVAREZ presentou unha solicitude para a retirada da bonificación de auga por condición de familia numerosa por non cumprir os requisitos.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do NON cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:



Concello A Guarda

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000
Informe- proposta de resolución:

PRIMEIRO: EXTINGUIR a bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible r/ buxan Pahiño, 18 bj(número de aboado 273569) por non cumprir requisitos.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 11.- EXPTE. 1923/2017.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAISCOMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 24 agosto del 2017, Dna. Rosalía Reñones Salgueiro presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Rosalía Reñones Salgueiro con carácter urgente.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 12.- EXPTE. 1988/2017.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR -
DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS
COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a



Concello A Guarda

través de DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 09/08/2017 da Xunta de Galicia aparece Gabriel Alfonso Matos na lista de agarda con un grado III e 80 puntos, correspondéndolle 70 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 30 horas mensuais por renuncia expresa do usuario até as 70 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a Gabriel Alfonso Matos con 30 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 13.- EXPTE. 1993/2017.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 09/08/2017 da Xunta de Galicia aparece Joaquina Lomba Álvarez en lista de agarda con un grado III e 75 puntos, correspondéndolle 70 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais



Concello A Guarda

comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 26 horas mensuais por renuncia expresa da usuaria de utilizar ás 70 horas.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a Joaquina Lomba Álvarez con 26 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 14.- EXPTE. 2031/2017.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 09/08/2017 da Xunta de Galicia aparece Celia Trigo Vicente en lista de agarda con un grado II e 50 puntos, correspondéndolle 45 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 39 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.



Concello A Guarda

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a Celia Trigo Vicente con 39 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 15.- ASUNTOS VARIOS.

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

A Oficina Municipal de Información Xuvenil a través da Concellería de deportes vai a desenvolver dentro da programación de accións deportivas, as seguintes actividades a partir do mes de outubro 2017 ata maio de 2018.

- pilates
- aerobic
- multiximnasia

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as cotas mensuais de 22€ para multiximnasia, 20€ para aerobic e 28,50€ para pilates.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Predidente da por rematada a sesión ás 09:17 horas do día da data, do que eu como Secretario, dou fe.